

Orde do 14 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento da propiedade industrial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Constitución española recolle no seu artigo 149.1º.9, como competencia exclusiva do Estado, a lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

O Estatuto de autonomía de Galicia recolle no seu artigo 29, como competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a execución da lexislación do Estado en materia de propiedade industrial e intelectual.

O traspaso da competencia de execución en materia de propiedade industrial foi incluído no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, de transferencia de funcións e servizos do Estado en materia de industria, e foi atribuído o seu desempeño á Consellería de Industria polo Decreto 132/1982, do 4 de novembro.

A Lei 12/1993, do 6 de agosto, de fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, no seu artigo 1º establece como obxectivo xeral o fomento da investigación científica e a innovación tecnolóxica para promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. Como unha ferramenta encamiñada ao logro deste obxectivo, a citada lei, no seu capítulo II, crea o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (Incite), que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 21 de setembro de 2006.

O Incite ten como misión impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a mellora da súa capacidade científico-tecnolóxica, facilitando, deste xeito, a participación das empresas no proceso de innovación e a extensión dos beneficios da investigación ao conxunto da sociedade galega. Este plan estrutúrase en tres tipos de programas: os programas horizontais, os programas xerais e os programas sectoriais.

Dentro dos programas sectoriais inclúese o programa de innovación empresarial, que comprende todas as accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación nas organizacións en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa. Para o desenvolvemento deste programa sectorial no Incite prevese, entre outros, a prestación de apoio financeiro para a protección, a través do sistema de propiedade industrial, dos resultados da actividade innovadora e creativa desenvolvida na Comunidade Autónoma galega.

A Comisión Europea, mediante Decisión C (2009) 4558 (Axuda de Estado nº N 307/2009-España), autorizou o réxime temporal de axuda para conceder cantidades limitadas de axuda compatible, que se acollerán ao marco temporal comunitario aplicable

ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, publicado no DOUE C 16/1, do 22 de xaneiro de 2009 (en diante o Marco temporal comunitario).

De acordo co Marco temporal comunitario, nesta convocatoria está prevista a concesión de axudas para a protección das invencións desenvolvidas por empresas, institucións sen fin de lucro ou persoas físicas en Galicia, así como para a protección dos deseños industriais creados polas empresas galegas ou para o rexistro das marcas que vaian utilizar para a comercialización dos seus produtos.

Con este apoio financeiro procúrase, así mesmo, a equiparación da actividade rexistral do noso tecido empresarial co resto do Estado español e, consecuentemente, unha mellora das condicións de competitividade de Galicia.

De acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007), esta orde tramítase na modalidade de concorrencia non competitiva, de modo que as solicitudes de subvención serán atendidas respectando a súa orde de entrada e sen comparación con outras solicitudes, ata o esgotamento do crédito dispoñible. O feito de non acudir ao procedemento de concorrencia competitiva mótivase porque as axudas se outorgarán polo mero feito de cumprir uns requisitos regradados e fixados de forma clara nesta orde de subvencións, de tal maneira que non é adecuado, atendendo á finalidade e ao obxecto da axuda, establecer criterios de gradación entre os posibles beneficiarios, para os efectos de proceder á comparación das súas solicitudes.

Así mesmo, co fin de simplificar os trámites administrativos e, en consecuencia, facilitar o acceso ás axudas, optouse por unificar todo o proceso de gasto (realización e pagamento), de tal forma que soamente se presente unha solicitude de subvención unha vez realizados e pagados os gastos subvencionables.

No Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, suprímese a obriga por parte dos solicitantes de subvencións de identificarse co seu documento nacional de identidade ou tarxeta equivalente dos estranxeiros residentes en territorio español. Non obstante, neste procedemento concreto considérase imprescindible verificar a identidade do solicitante da subvención, polo que, de acordo co establecido na disposición transitoria primeira do citado decreto, se exixirá a achega da fotocopia dos citados documentos.

Consecuentemente con todo o anterior, o conselleiro de Economía e Industria, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente polas

leis 11/1988, do 20 de outubro; 12/1989, do 4 de outubro, e 2/2007, do 28 de maio,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía e Industria para o fomento da propiedade industrial (código de procedemento IN525A), que se inclúen como anexo I.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras.

2. A solicitude de subvención (anexo II) e os demais anexos que a acompañan (do III ao VI) poderanse obter, cubrir ou imprimir a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <http://www.segapi.org> ao cal se poderá acceder a través dos seguintes enderezos electrónicos:

<http://www.economiaeindustria.es/dxidi>

<http://xunta.es/administracion-electronica>

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente na Oficina do Rexistro Único e Información no complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se teña subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante LRXAP-PAC).

2. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 15 de novembro de 2010, salvo que se produza o suposto de esgotamento de crédito previsto no artigo 7.4º das bases reguladoras. Neste caso, informarase do peche adiantado do prazo de solicitude a través das páxinas web da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e do Servizo Galego de Propiedade Industrial e Innovación Empresarial (en diante Segapi) e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez presentadas as solicitudes por parte dos interesados, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a nove meses.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

1. Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN525A, poderase obter información adicional na Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería:

<http://economiaeindustria.xunta.es>

Na súa epígrafe «axudas consellería».

b) Os teléfonos 981 95 73 90 e 981 95 73 91 da devandita dirección xeral.

c) O enderezo electrónico:

cei.infosegapi@xunta.es

d) Presencialmente.

2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outros procedementos, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012 (desde Galicia) e 902 120 012 (desde o resto do Estado).

3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión das subvencións para o fomento da propiedade industrial (código de procedemento: IN525A)

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. O obxectivo das subvencións reguladas nestas bases é fomentar a protección da propiedade indus-

trial en Galicia, tanto a nivel nacional como internacional, para garantir a plena explotación dos resultados das nosas innovacións. Trátase de impulsar a protección, non só das innovacións técnicas (invencións), senón tamén das innovacións de forma (deseños industriais) e de imaxe (signos distintivos).

2. a) O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e a finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4º desta lei.

b) A concesión destas axudas estará en todo caso condicionada á existencia de crédito orzamentario e, no caso de esgotamento do crédito, a Administración publicará a indicada circunstancia, o que comportará a non admisión das solicitudes posteriores, sen prexuízo de que a Administración poida optar por incrementar o crédito orzamentario nos seguintes supostos:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

3. Estas axudas quedarán suxeitas ao réxime N 307/2009, aprobado pola Comisión o 8 de xuño de 2009, de conformidade co establecido no marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, adoptado pola Comunicación da Comisión do 17 de decembro de 2008, que ten como obxectivo conceder unha axuda temporal ás empresas afectadas por unha escaseza ou unha indisponibilidade crediticia repentina a consecuencia da crise financeira e económica global.

4. Estas subvencións destinaranse a atender os gastos derivados da tramitación de solicitudes de títulos de propiedade industrial e da súa renovación, ante as oficinas nacionais, rexionais ou internacionais. Dentro destas tramitacións inclúense como subvencionables os seguintes conceptos e gastos:

a) Solicitude de calquera título de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos). Dentro deste concepto inclúense todos os trámites que sexan necesarios para a solicitude do título correspondente e que supoñan o pagamento dunha taxa oficial ante a oficina de propiedade industrial correspondente, así como a transforma-

ción ou a extensión territorial de títulos existentes. Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

-Os importes das taxas aplicadas polas ditas oficinas para a realización dos trámites citados.

-Os gastos de consultoría externa asociados á preparación e presentación ante as ditas oficinas da documentación correspondente aos trámites citados.

Exclúese deste concepto o trámite referido á solicitude de recolla do certificado do título de rexistro tanto da marca como do nome comercial, debido a que este trámite non require pagamento de taxa ante a Oficina Española de Patentes e Marcas.

O solicitante de subvención por este concepto deberá ser o petionario ou o titular dos títulos de propiedade industrial correspondentes.

b) Mantemento de calquera título de propiedade industrial. Dentro deste concepto inclúense todos os trámites correspondentes á renovación de marcas, nomes comerciais e deseños industriais e á renovación e posta en explotación de patentes e modelos de utilidade. Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

-Os importes das taxas aplicadas polas ditas oficinas para a realización dos trámites citados.

-Os gastos de consultoría externa asociados á preparación e presentación ante as ditas oficinas da documentación correspondente aos trámites citados.

O solicitante de subvención por este concepto deberá ser o titular dos títulos de propiedade industrial correspondentes.

c) Análises de rexistrabilidade de calquera título de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos). Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

-Os gastos de consultoría externa asociados á realización de buscas de antecedentes rexistrados ou informes de rexistrabilidade, efectuados con carácter previo á solicitude de protección do título de que se trate.

-A subvencionalidade destes gastos está condicionada á presentación, ante a oficina de que se trate, da solicitude do título correspondente. Así mesmo, o solicitante de subvención por este concepto deberá ser o petionario do título de propiedade industrial correspondente.

5. Con respecto aos gastos descritos no número 4 deste artigo, non serán subvencionables os seguintes:

-O imposto sobre o valor engadido (IVE) agás no caso de estar exento del. Neste caso deberase presentar a documentación acreditativa desta exención.

-Os gastos de intermediación entre o solicitante de subvención e a consultora externa prestadora do ser-

vizo para o cal se solicita subvención, é dicir, soamente se subvencionarán os gastos da entidade que realizou efectivamente a tramitación, e non os da que serviu de mero intermediario.

6. Estas subvencións terán unha única anualidade, e só se admitirán aqueles gastos, dos relacionados no número 3 desta base, que fosen realizados e pagados dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e a data de presentación da solicitude de subvención. O prazo límite para a presentación de solicitudes de subvención está regulado no artigo 3.2º desta orde.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas cales existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma galega para o ano 2010, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Aplicación orzamentaria. 08.02.741A.771.0.

Solicitantes: empresas.

Crédito anualidade 2010: 700.000 €.

Aplicación orzamentaria. 08.02.741A.781.0

Solicitantes: persoas físicas e institución sen ánimo de lucro.

Crédito anualidade 2010: 70.000 €.

Crédito total desta orde: 770.000 €

2. A axuda que se vai conceder asume a forma de subvención a fondo perdido e a súa contía será o 70% dos gastos subvencionables, sempre que exista crédito.

3. Así mesmo, a suma das subvencións percibidas por un mesmo beneficiario, resultado de ter presentado unha ou varias solicitudes ao abeiro desta convocatoria, non poderá superar os 36.000 euros.

4. As subvencións reguladas nestas bases serán incompatibles con calquera outra axuda outorgada, para os mesmos gastos, por calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria e nestas bases, e segundo os conceptos e gastos subvencionables descritos no artigo 1.3º destas bases, os seguintes:

a) Para calquera título de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos): as microempresas, pequenas e medianas empresas (peme), calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu domicilio social ou algún centro produtivo na Comunidade Autónoma de Gal-

cia, sempre que os conceptos para os cales solicitan a subvención teñan aplicación directa nestes centros produtivos.

Para os efectos da clasificación de empresas que se inclúen nesta epígrafe, teranse en conta as definicións que se recollen no anexo VI desta orde.

b) Soamente para títulos de propiedade industrial correspondentes a invencións:

-As grandes empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu domicilio social ou algún centro produtivo en Galicia, sempre que os conceptos para os cales solicitan subvención teñan aplicación directa nestes centros produtivos.

-As persoas físicas empadroadas en Galicia.

-As institucións sen fin de lucro, calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu domicilio social en Galicia.

2. De acordo co marco temporal comunitario, estas axudas estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

a) As axudas recibidas por unha mesma entidade non poden exceder os 500.000 euros (todas as cifras utilizadas serán importes brutos, é dicir, antes de impostos ou doutras deducións), aínda que se computarán para a dita acumulación tamén as axudas recibidas por unha mesma entidade acollidas ao réxime *de minimis*, entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2010, e non poden as axudas acollidas ao marco ir destinadas aos mesmos custos subvencionables que as axudas *de minimis* recibidas.

b) Non poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas activas nos sectores da pesca e da agricultura.

c) A axuda só se poderá outorgar a entidades que non estivesen en crise o 1 de xullo de 2008, segundo o disposto no punto 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas publicadas no *Diario Oficial de la Unión Europea* C 244/2, do 1 de outubro de 2004, ou segundo o disposto no número 7 do artigo 1 do Regulamento (CE) número 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (Regulamento xeral de exención por categorías).

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá achegarse un exemplar da seguinte documentación:

Documentación administrativa:

a) Se o solicitante é unha persoa xurídica, copia compulsada do CIF, se é unha persoa física, copia compulsada do seu NIF e do seu certificado de

empadramento na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Se o solicitante é un traballador autónomo, deberá acreditarse esta circunstancia achegando copia compulsada do documento xustificativo da súa alta na Seguridade Social no réxime especial de traballadores autónomos, así como do último recibo aboado a este organismo por ese concepto.

c) Se o solicitante é unha persoa xurídica, copia compulsada do documento público acreditativo do poder con que actúa o seu representante.

d) Declaración de axudas obtidas ou solicitadas, para os mesmos gastos, en calquera outra Administración, organismos ou entes públicos ou privados, que se deberá formular segundo o modelo recollido no anexo IV desta orde. De ser o caso, para as axudas concedidas deberá presentarse copia da resolución de concesión.

e) Declaración responsable sobre as axudas recibidas ao abeiro do marco temporal comunitario desde o 1 de xaneiro de 2008, así como doutras axudas de Estado obtidas para os mesmos custos subvencionables, e axudas *de minimis* concedidas por calquera proxecto ao solicitante desde o 1 de xaneiro de 2008, con indicación do importe, organismo, data de concesión, réxime de axudas en que se ampara e obxectivo da axuda e custos subvencionados; ou, de ser o caso, declaración de non ter recibido ningunha.

f) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento da subvención, na cal conste a razón social e o CIF/NIF do titular, así como o código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente.

g) Declaración de cumprimento dos requisitos de beneficiario que se deberá de formular segundo o modelo recollido no anexo VI desta orde.

h) Certificados acreditativos de estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e coa Seguridade Social e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de non presentarse estes certificados, e en aplicación do establecido no artigo 5.1º destas bases, serán solicitados polo órgano concedente.

Documentación xustificativa dos gastos:

a) Cadro de gastos, que se deberá formular segundo o modelo recollido no anexo III desta orde, no cal se deberán detallar os gastos conforme as instrucións que figuran no anexo VII.

b) Xustificantes de realización e pagamento dos gastos (para cada un dos gastos que se recollan no anexo III):

-Copia compulsada do documento que acredite a realización do trámite correspondente ante a oficina

de propiedade industrial que demostre a súa realización dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 e a data de presentación da solicitude de subvención de que se trate.

Copia compulsada do documento bancario acreditativo do pagamento da taxa, cando se trate de conceptos incluídos nas letras a) e b) do artigo 1.3º.

-Copia compulsada das facturas dos provedores (que deberán reflectir, para cada gasto, o seu importe e a súa descrición, co mesmo detalle que o exigido no anexo VII) e dos documentos bancarios acreditativos do pagamento destas facturas (que permitan identificar a factura e o provedor), cando existan gastos de consultoría.

-Unha copia das buscas ou informes para os cales se solicita subvención, cando se trate de conceptos incluídos na letra c) do artigo 1.3º.

c) Calquera outro documento que se requira, para a determinación e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

A solicitude de subvención (anexo II) e os demais anexos que a acompañan (do III ao VI) poderanse obter, cubrir ou imprimir a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <http://www.segapi.org>.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20.3º da Lei 9/2007, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Consonte co establecido no mesmo artigo, se o solicitante indica que certos documentos que se deban usar neste procedemento xa están no poder da administración actuante, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instructor para acceder a ela. Neste caso, o solicitante deberá facer constar a data e o órgano en que foron presentados ou, de ser o caso, emitidos, e non pode ter transcorrido máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá

lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

1. A Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a través do Segapi, será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das subvencións. Corresponderalle ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución de concesión e pagamento.

2. O Segapi será o órgano encargado de valorar as solicitudes e propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados. Para isto desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución.

Artigo 7º.-*Instrución do procedemento.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da LRXAP-PAC, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 1.1º resulta que o solicitante non está ao día de pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Ata o esgotamento do crédito dispoñible, a concesión das subvencións efectuarase respectando a data de prioridade adquirida polas solicitudes, con base no establecido no punto anterior, e conforme as seguintes regras:

-A data de prioridade, para os efectos de reservar o crédito necesario para atender a posible subvención, será a data en que a correspondente solicitude de subvención se presentase, nalgún dos lugares previstos no artigo 3.1º desta orde.

-Sempre que se cumpran os requisitos determinados nestas bases e na convocatoria, e ata o esgotamento do crédito dispoñible, as solicitudes de subvención serán atendidas respectando a súa orde de entrada e sen comparación con outras solicitudes.

-No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes, presentadas en rexistros diferentes, a orde de prioridade virá determinada polo número e data de entrada no rexistro do Segapi.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na cal se indicarán as causas desta.

5. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 8º.-*Audiencia.*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 9º.-*Resolución e pagamento.*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o Segapi formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instructor, ao conselleiro de Economía e Industria, que ten a competencia para resolver estas axudas, se prexuízo da súa posible delegación noutros órganos da Consellería de Economía e Industria. Esta resolución deberá publicarse no DOG.

2. Á vista da proposta formulada polo Segapi a través do órgano instructor, e segundo o que dispón o artigo 21.4º da Lei 9/2007, ao non ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados, o conselleiro de Economía e Industria ditará as correspondentes resolucións definitivas de concesión ou denegación que

serán motivadas, de acordo cos criterios de valoración establecidos.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de nove meses contados a partir da presentación da solicitude de subvención polo interesado nun rexistro válido. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Segundo dispón o artigo 24 da Lei 9/2007, todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 58 da LRXAP-PAC. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da devandita lei, poderase substituír a notificación individual de concesión de axuda pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria, con indicación, neste caso, da data da convocatoria, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación.

Artigo 10º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición, ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 11º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, así como daqueloutras específicas que se indiquen no anexo desta convocatoria, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta orde quedarán obrigados a:

a) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa

subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1828/2006 da comisión, do 8 de decembro de 2006.

Artigo 12º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde, nas bases reguladoras ou na demais normativas aplicables, dará lugar á obriga de devolver, total ou parcialmente, as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data que se acorde para a procedencia do reintegro, nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei.

2. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no artigo 50 e seguintes da Lei 9/2007.

Artigo 13º.-*Control.*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da finalidade das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o DL 1/1999, do 7 de outubro, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 14º.-*Publicidade.*

Cando remate o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez valoradas, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 15º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases observarase o previsto na Lei 9/2007; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; no marco temporal comunitario e na restante normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Investigación,
 Desenvolvemento e Innovación

ANEXO II



UNIÓN EUROPEA
 Fondo Europeo de
 Desenvolvemento Rexional

"Investimos no seu futuro"

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O FOMENTO DA PROPIEDAD INDUSTRIAL | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN525A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

DATOS DO SOLICITANTE

| | | | |
|--|--------------------|---|----------|
| RAZÓN SOCIAL (no caso de empresario individual ou persoa física, indíquese nome e apelidos) | | CIF/NIF | |
| [] | | [] | |
| ENDEREZO | | LOCALIDADE | |
| [] | | [] | |
| CÓDIGO POSTAL | CONCELLO | PROVINCIA | TELÉFONO |
| [] | [] | [] | [] |
| FAX | CORREO ELECTRÓNICO | | |
| [] | [] | | |
| SECTOR (segundo a táboa que figura no anexo VIII) | | ACTIVIDADE (descripción da actividade desenvolvida) | |
| [] | | [] | |
| TIPO DE SOLICITANTE | | | |
| <input type="checkbox"/> GRANDE EMPRESA <input type="checkbox"/> PEME <input type="checkbox"/> PERSOA FÍSICA <input type="checkbox"/> INSTITUCIÓN SEN FIN DE LUCRO <input type="checkbox"/> AUTÓNOMO | | | |

E na súa representación legal:

| | | |
|--|------|-----|
| APELIDOS | NOME | DNI |
| [] | [] | [] |
| Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante | | |
| APELIDOS | NOME | DNI |
| [] | [] | [] |

GASTOS REALIZADOS E PAGADOS E SUBVENCIÓN SOLICITADA
(segundo os artigos 1º e 2º das bases reguladoras)

| | |
|---|---|
| IMPORTE DOS GASTOS REALIZADOS E PAGADOS (€), excluído o IVE | IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA (€), o 70% dos gastos realizados e pagados |
| [] | [] |

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA A ESTA SOLICITUDE
(segundo o artigo 4º das bases reguladoras)

| |
|---|
| <input type="checkbox"/> Copia compulsada do CIF (se o solicitante é unha persoa xurídica) ou NIF (se o solicitante é un empresario individual ou unha persoa física) <input type="checkbox"/> Copia compulsada do certificado de empadramento na Comunidade Autónoma de Galicia (se o solicitante é unha persoa física) <input type="checkbox"/> Copia compulsada da alta no réxime de autónomos, así como do último recibo aboadado por este concepto (se o solicitante é un traballador autónomo) <input type="checkbox"/> Se o solicitante é unha persoa xurídica, copia compulsada do documento público acreditativo do poder con que actúa o seu representante e do seu DNI (no caso de poder mancomunado deberán achegarse as copias compulsadas dos DNI de todos os representantes) <input type="checkbox"/> Anexo IV: declaración de axudas obtidas ou solicitadas <input type="checkbox"/> Anexo V: declaración responsable sobre as axudas recibidas ao abeiro do marco temporal comunitario desde o 1 de xaneiro de 2008, así como doutras axudas de Estado obtidas para os mesmos custos subvencionables, e axudas de <i>minimis</i> concedidas por calquera proxecto ao solicitante desde o 1 de xaneiro de 2008 <input type="checkbox"/> Certificación bancaria de titularidade da conta onde se realizará o pagamento <input type="checkbox"/> Anexo VI: declaración do cumprimento dos requisitos de beneficiario <input type="checkbox"/> Certificado de estar ao día das súas obrigas tributarias estatais <input type="checkbox"/> Certificado de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social <input type="checkbox"/> Certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia <input type="checkbox"/> Anexo III: relación dos gastos para os cales se solicita subvención <input type="checkbox"/> Xustificantes da realización e pagamento dos gastos para os cales se solicita subvención |
|---|

OBSERVACIÓNS

- A presentación desta solicitude implica o consentimento para a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.
 - En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 14 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento da propiedade industrial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

SINATURA DA PERSOA QUE PRESENTA ESTA SOLICITUDE E SELO DA ENTIDADE SOLICITANTE

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO


REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE


DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA



ANEXO IV



DECLARACIÓN DE AXUDAS OBTIDAS OU SOLICITADAS

_____, con DNI nº _____, en nome e representación da entidade _____

declara, baixo a súa responsabilidade, que esta entidade xa obtivo ou solicitou, para aqueles gastos recollidos no anexo III e que se identifican no seguinte cadro co seu número, as seguintes axudas:

NON SE OBTIVO NIN SE SOLICITOU NINGUNHA AXUDA

AXUDAS CONCEDIDAS

| Nº gasto | Organismo | Ano | Importe (€) | Tipo | Disposición reguladora |
|----------|-----------|-----|-------------|------|------------------------|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

AXUDAS SOLICITADAS

| Nº gasto | Organismo | Ano | Importe (€) | Tipo | Disposición reguladora |
|----------|-----------|-----|-------------|------|------------------------|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

E para que así conste ante a Consellería de Economía e Industria, asino esta declaración

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(Sinatura e selo da entidade solicitante)

• Se é necesario, deberánse achegar máis follas.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
 INDUSTRIA
 Dirección Xeral de Investigación,
 Desenvolvemento e Innovación

ANEXO V



UNIÓN EUROPEA
 Fondo Europeo de
 Desenvolvemento Rexional

"Investimos no seu futuro"

DECLARACIÓN RESPONSABLE MARCO TEMPORAL COMUNITARIO

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

D. / Dña. , con DNI nº
 en nome e representación da entidade

DECLARACIÓN

1. DECLARA que, para os mesmos custos subvencionables que esta axuda:

- NON obtivo ningunha outra axuda de Estado (1) SI obtivo as seguintes axudas de Estado:

| ORGANISMO CONCEDENTE | OBXECTIVO DA AXUDA E CUSTOS SUBVENCIONADOS | INTENSIDADE BÁSICA DA AXUDA (2) | IMPORTE CONCEDIDO | % QUE REPRESENTA A AXUDA (3) |
|----------------------|--|---------------------------------|----------------------|------------------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

- (1) Axuda concedida ao abeiro dun regulamento comunitario de exención da obriga de notificación previa á Comisión Europea, ou ao abeiro dunha decisión de autorización dela.
 (2) Intensidade máxima de axuda de Estado autorizada pola UE que se podería conceder para este tipo de axuda.
 (3) Porcentaxe que representa a axuda percibida respecto dos custos subvencionables.

2. DECLARA que desde o 1 de xaneiro de 2008:

- NON obtivo ningunha axuda *de minimis* (1) SI obtivo as seguintes axudas *de minimis*:

| ORGANISMO CONCEDENTE | OBXECTIVO DA AXUDA E CUSTOS SUBVENCIONADOS | IMPORTE CONCEDIDO | DATA DA CONCESIÓN |
|----------------------|--|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

3. DECLARA que desde o 1 de xaneiro de 2008:

- NON obtivo ningunha axuda amparada no punto 4.2.2. do Marco temporal de axudas de Estado para apoiar o acceso a financiamento na actual crise económica e financeira. (4)
 SI obtivo as seguintes axudas amparadas no punto 4.2.2. do Marco temporal de axudas de Estado para apoiar o acceso a financiamento na actual crise económica e financeira. (4).

| ORGANISMO CONCEDENTE | OBXECTIVO DA AXUDA E CUSTOS SUBVENCIONADOS | IMPORTE CONCEDIDO | DATA DA CONCESIÓN |
|----------------------|--|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

(4) Comunicación da Comisión- Marco temporal de axudas de Estado para apoiar o acceso a financiamento na actual crise económica e financeira - adoptada o 17 de decembro de 2008.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación

ANEXO V
(Continuación)



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional

"Investimos no seu futuro"

4. DECLARA:

- Que antes do 1 de xullo de 2008 a empresa non estaba en crise (5).
- Que non é unha empresa especializada na produción primaria agrícola (6).
- Que non é unha empresa activa no sector da pesca.
- Que a axuda non se aplica á exportación nin a favorecer produtos nacionais fronte a mercadorías importadas.

5. As empresas en crise defínense do modo seguinte:

- Para as grandes empresas, véxase o punto 2.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise.
- Para as pemes, as definidas no artigo 1, punto 7 do Regulamento xeral de exención por categorías.

6. Véxase a definición do punto 2, artigo 2, do Regulamento 1875/2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas.

Asdo.:

(Sinatura e selo da entidade solicitante)

ANEXO VI

DECLARACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE BENEFICIARIO

| | |
|--|---|
| <input type="text"/> , con DNI nº <input type="text"/> | |
| en nome e representación da empresa <input type="text"/> declara, baixo a súa responsabilidade e con respecto a esta entidade, o seguinte: | |
| • En relación co establecido no artigo 3º das bases reguladoras: | |
| <input type="checkbox"/> Que é unha persoa física | |
| <input type="checkbox"/> Que é unha institución sen fin de lucro | |
| <input type="checkbox"/> Que é unha peme | <i>De acordo cos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOUE do 20 de maio), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas</i> |
| <input type="checkbox"/> Que é unha grande empresa | |
| <input type="checkbox"/> Que é un autónomo | |
| • En relación con outros requisitos: | |
| <input type="checkbox"/> Que non concorre nela ningunha das circunstancias relacionadas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. | |
| <input type="checkbox"/> Que cumpre os requisitos do marco temporal comunitario. | |
| E para que así conste ante a Consellería de Economía e Industria, asino esta declaración | |
| _____, de _____ de _____ | |
| Asdo.: (Sinatura e selo da entidade solicitante) | |

Definición de peme segundo a Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003:

- No punto 1 do artigo 2 da dita recomendación di: "A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (peme) está constituída por empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocio anual non exceda dos 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda dos 43 millóns de euros".

- No caso de empresas "NON AUTÓNOMAS", é dicir, que estean participadas por outras organizacións, deberase acudir ao artigo 3 da dita recomendación, para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros, para os efectos de determinar se pertence ou non á categoría de peme.

Artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias seguintes:

- Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.
- Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
- Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
- Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

Comunicación da comisión, marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira:

- As axudas recibidas por unha mesma entidade non poden exceder os 500.000 euros (todas as cifras utilizadas serán importes brutos, é dicir, antes de impostos ou doutras deducións), aínda que se computarán para a dita acumulación tamén as axudas recibidas por unha mesma entidade acollidas ao réxime de mínimos, entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2010, e non poden as axudas acollidas ao Marco ir destinadas aos mesmos custos subvencionables que as axudas de mínimos recibidas.
- As axudas que se concedan poden acumularse con outras axudas compatibles ou con outras formas de financiamento comunitario, sempre que se respecten as intensidades de axuda máxima indicadas nas directrices ou nos regulamentos de exención por categorías aplicables.
- Non poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas activas nos sectores da pesca e da agricultura.
- A axuda só se poderá outorgar a entidades que non estivesen en crise o 1 de xullo de 2008, segundo o disposto no punto 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas publicadas no Diario Oficial de la Unión Europea C 244/2, do 1 de outubro de 2004, ou segundo o disposto no número 7 do artigo 1 do Regulamento (CE) número 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto (Regulamento xeral de exención por categorías).

ANEXO VII

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O CADRO DE GASTOS DO ANEXO III

Os gastos diferenciaranse (é dicir, colocaranse en filas diferentes) conforme os seguintes criterios e atendendo á súa pertenza a unha ou outra das letras a), b) ou c) en que o artigo 1º.4 das bases reguladoras clasifica os conceptos e gastos subvencionables:

- Cando se trate de gastos correspondentes ás letras a) ou b), cada gasto deberá estar integrado soamente por un único trámite de propiedade industrial efectuado dentro dun determinado procedemento, ante unha única oficina de propiedade industrial e para un mesmo título de propiedade industrial.
- Cando se trate de gastos correspondentes á letra c), cada gasto deberá estar integrado soamente por un único servizo prestado en relación cun determinado título de propiedade industrial.

Para cada gasto (é dicir, en cada fila) cubriranse os catro campos seguintes:

- Nº: asignarase un número correlativo a cada gasto, partindo do 1.
- Letra art. 1º.4: porase unha das tres letras a), b) ou c), segundo o concepto de gasto a que pertenza.
- Importe: recollerase o importe do gasto en euros, sen incluír o IVE.
- Descrición (dependendo do concepto de gasto a que pertenza, recollerase o seguinte):
 - _ Para os gastos incluídos nas letras a) e b):

Hai que detallar o trámite de propiedade industrial realizado, indicando, así mesmo, o número e a denominación do título de propiedade industrial correspondente, a oficina de propiedade industrial ante a cal se realizou e, en caso de ter actuado con representante externo, o nome da empresa consultora.
 - _ Para os gastos incluídos na letra c):

Hai que detallar o servizo contratado, indicando, así mesmo, o nome da empresa consultora (como provedora dese servizo).

ANEXO VIII

SECTOR DE ACTIVIDADE

(No campo "sector" que figura nos datos do solicitante do anexo I deberá indicarse, de acordo coa seguinte lista, o sector a que pertence a entidade solicitante)

- **Agricultura/gandaría/pesca**
- **Comercio**
- **Construción**
- **Industrias extractivas: produtos enerxéticos**
- **Industrias extractivas: outros minerais agás produtos enerxéticos**
- **Industrias manufactureiras: alimentación/bebidas/tabaco**
- **Industrias manufactureiras: artesanía**
- **Industrias manufactureiras: audiovisual**
- **Industrias manufactureiras: edición/artes gráficas**
- **Industrias manufactureiras: madeira/cortiza/papel**
- **Industrias manufactureiras: maquinaria e equipamento eléctrico/electrónico**
- **Industrias manufactureiras: maquinaria e equipamento mecánico**
- **Industrias manufactureiras: outros produtos minerais non metálicos**
- **Industrias manufactureiras: química/caucho/plástico**
- **Industrias manufactureiras: téxtil/confección/coiro/calzado**
- **Industrias manufactureiras: vehículos e materiais de transporte**
- **Industrias manufactureiras: outras manufacturas**
- **Produción/distribución de enerxía eléctrica, gas e auga**
- **Servizos: consultoría**
- **Servizos: educación**
- **Servizos: finanzas**
- **Servizos: hostalaría**
- **Servizos: enxeñaría**
- **Servizos: tecnoloxías da información e comunicación**
- **Servizos: outros servizos**
- **Transporte**